



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

Aprobación bases reguladoras PREM-XV/2025

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases da 4ª Edición do Premio “Xoán Vicente Viqueira” de Investigación en ciencias sociais, humanidades, sustentabilidade e innovación, cuxo texto se transcribe:

4ª Edición do Premio “Xoán Vicente Viqueira” de Investigación en ciencias sociais, humanidades, sustentabilidade e innovación do ano 2025

BASES

Primeira.- Obxecto

En memoria do filósofo, psicólogo e escritor Xoán Vicente Viqueira Cortón, e coa finalidade de recoñecer a actividade de investigación e innovación levada a cabo por persoas ou entidades que teñan destacado no ámbito das ciencias sociais e humanidades, a Deputación da Coruña convoca a 4ª edición do Premio “Xoán Vicente Viqueira” de investigación en ciencias sociais, humanidades, sustentabilidade e innovación, incluíndo disciplinas como a socioloxía, historia, xeografía, educación, ciencia política, economía, dereito, comunicación, filosofía, antropoloxía, estudos culturais ou similares.

Consta de tres modalidades diferenciadas:

- A) Modalidade de premio á traxectoria de vida adicada á investigación nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social ao longo dos últimos 30 anos.**
- B) Modalidade de premio á innovación científica nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.**
- C) Modalidade de premio á calidade dun traballo de investigación realizado por unha persoa investigadora nova nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.**

Segunda.- Solicitantes e presentación de candidaturas

As solicitudes ou candidaturas deberán presentarse segundo os requisitos e regras específicas de cada modalidade, que se detallan a continuación:

- A) Premio á traxectoria de vida adicada á investigación nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social ao longo dos últimos 30 anos.**

Nesta modalidade poderán presentar unha proposta de candidatura argumentada para a concesión do premio todas as persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades de investigación e innovación no ámbito das ciencias sociais e humanidades.

As persoas que formaren parte do xurado poderán propor unha candidatura que deberán presentar no rexistro xeral da Deputación cando menos 48 horas antes da sesión de deliberación. A Deputación remitirá estas candidaturas ao resto das persoas integrantes do xurado

Así mesmo, calquera socio do Instituto de Estudos e Investigación Psicosocial “Xoán Vicente Viqueira” poderá achegar unha candidatura ou avalar unha candidatura presentada por calquera persoa ou entidade allea ao Instituto, pero debidamente argumentada.

Cada propoñente só poderá presentar unha candidatura e non se admitrán autocandidaturas.

Requisitos das candidaturas

As persoas ou entidades propostas deberán ter a súa residencia ou sede social no territorio español e estar ligadas a proxectos que se desenvolvan ou relacionen coa investigación e innovación no ámbito das ciencias sociais e humanidades (incluíndo disciplinas como a socioloxía, historia, xeografía, educación, ciencia política, economía, dereito, comunicación, filosofía, antropoloxía, estudos culturais ou similares).

B) Modalidade de premio á innovación científica nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

Nesta modalidade poderán participar persoas físicas ou xurídicas que teñan a súa residencia ou sede social no territorio español, con proxectos nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social (incluíndo disciplinas como a socioloxía, historia, xeografía, educación, ciencia política, economía, dereito, comunicación, filosofía, antropoloxía, estudos culturais ou similares) non premiados nin seleccionados en ningún outro certame.

C) Modalidade de premio á calidade dun traballo de investigación realizado por unha persoa investigadora nova nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

Nesta modalidade poderán participar persoas investigadoras con idade máxima de 35 anos que teñan a súa residencia no territorio español, con traballos de investigación nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social (incluíndo disciplinas como a socioloxía, historia, xeografía, educación, ciencia política, economía, dereito, comunicación, filosofía, antropoloxía, estudos culturais ou similares) non premiados nin seleccionados en ningún outro certame.

Cuarta.- Dotación

Establécense tres premios, dotados con **6.500 €** cada un deles, para cada unha das tres modalidades.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle foren aplicable

Os premios poderán quedar desertos e tamén ser concedidos con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe reparírase proporcionalmente entre as persoas e/ou entidades que resultaren premiadas.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se as persoas premiadas falecesen despois da decisión do xurado.

Quinta.- Prazo

O prazo de solicitude iniciárase o día 17 de novembro de 2025 ás 08:00 horas, e finalizará ás 14:00 horas do día 17 de decembro de 2025, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sexta.- Tramitación da solicitude

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

- Quen presente a solicitude deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións; excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se notifique o dito cambio á Deputación
- Quen presente a solicitude deberá dispoñer de certificado dixital
- A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude
- A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros
- Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento

A documentación a presentar é a seguinte:

- Acreditación da representación no caso de persoas xurídicas solicitantes
- Memoria explicativa do proxecto ou da traxectoria da persoa proposta, na que se recollan os seguintes datos da persoa ou entidade que presenta a candidatura ou que é obxecto da mesma:
 - Nome da persoa, institución, organismo, empresa, entidade ou colectivo; NIF
 - Nome representante, NIF
 - Enderezo postal
 - Teléfono

- Enderezo electrónico
- Enderezo web
- Méritos que se alegan para a proposta de candidatura, tendo en conta os criterios explicados na base sétima desta convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos da candidatura proposta

Na modalidade A os solicitantes deberán aportar a maiores declaración de conformidade da persoa/entidade proposta coa presentación da candidatura.

Sétima.- Xurado

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

- A Deputación nomeará a tres membros do xurado.
- O concello de Bergondo nomeará a un membro do xurado.
- O Instituto de Estudos e Investigación Psicosocial “Xoán Vicente Viqueira” nomeará a un membro do xurado.

No caso de formar parte do xurado algún dos membros electos do Concello de Bergondo, deberá actuar con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría exerceraas a Secretaría da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica, co fin de que se poidan interpor, se for o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.

Oitava.- Concesión e pago

Para conceder os premios o xurado terá en conta os seguintes criterios:

A) Premio á traxectoria de vida adicada á investigación nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social ao longo dos últimos 30 anos.

- Cualificación a nivel internacional. Recoñecemento científico por parte de institucións ou entidades relacionadas coa investigación científica no ámbito das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade ou a innovación social. Valorarase o seu recoñecemento académico, científico, así como outros premios ou distincións que teñan destacado a súa labor.

- Impacto social e científico do conxunto de todo o seu traballo científico ao longo da súa carreira no ámbito social, académico e de transferencia á sociedade, empresas ou á comunidade. Neste apartado valorarase a calidade, número e impacto de proxectos de investigación obtidos en concurrencia competitiva en convocatorias locais, nacionais e internacionais, así como contratos con empresas, organizacións ou Administracións de interés no ámbito do Premio.

- Publicacións no ámbito do premio. Neste apartado valoraranse as publicacións en revistas nacionais e internacionais de prestixio, así como libros publicados en editoriais recoñecidas, a súa calidade e impacto.

B) Premio á innovación científica nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

- Calidade científica dun traballo de investigación ou dun conxunto de traballos relacionados sobre unha temática innovadora dentro do ámbito das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade, ou a innovación social. Valorarase o impacto do traballo no ámbito social, académico-científico e de transferencia á sociedade, empresas ou á comunidade.

- Publicacións do traballo ou conxunto de traballos presentado. Valorarase que o traballo ou conxunto de traballos relacionados estén publicados en revistas científicas nacionais ou internacionais recoñecidas, e deben suponer innovación no ámbito do premio e seren referenciadas por outros profesionais do seu campo.

- Capacidade de transferencia da investigación realizada e innovación no ámbito da empresa, á comunidade ou á sociedade en xeral. Valoraranse aqueles aspectos que se teñan desenvolvido, mellorado ou implementado no ámbito empresarial, comunitario ou político.

C) Premio á calidade dun traballo de investigación realizado por unha persoa investigadora nova nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social.

- Calidade científica dun traballo de investigación realizado no ámbito do premio. Valorarase que os resultados da investigación estean publicados nunha revista científica recoñecida, de ámbito nacional ou internacional.

- Cualificación científica do/a investigador ou investigadora a nivel nacional e internacional.

Valorarase aquí tanto as publicacións en revistas científicas con índice de impacto que teña o investigador ou investigadora no seu curriculum investigador, como a valoración por parte doutras institucións e referencias ao seu traballo nos índices científicos do campo.

- Valor atribuído da transferencia do coñecemento da investigación á sociedade ou á empresa. Valorarase aquí a aplicación do traballo de investigación no ámbito social, académico-científico e de transferencia á sociedade, empresas ou á comunidade.

O xurado poderá valorar outros méritos, que dará a coñecer, das persoas, colectivos ou entidades que se propoñan.

A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

A resolución de concesión dos premios será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobro do premio, deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social

- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña.
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria

A presentación desta documentación realizarase, no caso das persoas que teñan presentada a súa solicitude a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), mediante esa mesma vía.

O resto das persoas interesadas deberán presentala preferentemente por medios electrónicos, a través do modelo “achega de documentación complementaria” dispoñible na sede electrónica da Deputación da Coruña, podendo tamén presentala en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A concesión e o pago das modalidades B) e C) serán publicadas na BDNS.

Novena.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades complementarias.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación
- Filmacións destinadas á promoción da actividade
- Publicacións para dar a coñecer a actividade

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpe co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa [Política de Privacidade](#) ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Décima.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

A Coruña, 29 de outubro de 2025

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario xeral

Miguel Iglesias Martínez

2025/7092